

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, vinte e seis de outubro de dous mil vinte.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia. Artículo 34.

Doutra don _____ administrador único da empresa José Antonio Fandiño Mejuto, S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra dona _____, conselleira delegada da empresa M. Caeiro, S.A. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra don _____ en nome e representación da empresa Merenauto S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra don _____ administrador da empresa Soñeiro Automoción S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinou coa empresa Breogán Motor, S.L., un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no CIFP Someso para o ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carrozaría.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas José Antonio Fandiño Mejuto, S.L., M. Caeiro, S.A., Merenauto S.L., Soñeiro Automoción S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas asinantes deste convenio aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa Breogán Motor, S.L., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas José Antonio Fandiño Mejuto, S.L., M. Caeiro, S.A., Merenauto S.L., Soñeiro Automoción S.L., comprométese a acoller nas súas instalacións a 5 alumnos ou alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado previamente entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas, cun representante para cada empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade	
Asdo.: Román Rodríguez González	
O representante da empresa José Antonio Fandiño Mejuto, S.L.	A representante da empresa M. Caeiro, S.A.
Asdo.: _____	Asdo.: _____
O representante da empresa Meremauto S.L.	O representante da empresa Soñeiro Automoción S.L.
Asdo.: _____	Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Cultura, Educación e Universidade e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas. **Código del convenio:** C20200000902.

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
José Antonio Fandiño Mejuto, S.L.	1
M. Caeiro, S.A.	1
Meremauto S.L.	2
Soñeiro Automoción S.L.	1
Total	5